

INSTRUCCIÓN Nº 1/2025, DO 24 DE XUÑO DE 2025, RELATIVA ÁS ACTUACIÓNS DE XESTIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA ESTRATEXIA: IMPUTACIÓN DE SALARIOS E CUSTES SIMPLIFICADOS

O 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia) aprobou o Acordo polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). O citado acordo publicouse mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG nº 105, do 2 de xuño).

O apartado Quinto do acordo anterior faculta á persoa titular da Dirección Xeral da Axencia para ditar as instrucións necesarias para a correcta aplicación e cumprimento dese Acordo, o cal está sometido ás disposicións que lle resulten de aplicación no Plan Estratéxico da PAC para o período 2023-2027 (en adiante, PEPAC 2023-2027).

Esta instrución dítase co obxecto de determinar con claridade que debe entenderse por salarios brutos máximos imputables á estratexia, e mais como aplicar os custes simplificados nas actuacións de xestión, seguimento e avaliación da estratexia.

1. SALARIOS BRUTOS MÁXIMOS DOS EQUIPOS TÉCNICOS DOS GDR IMPUTABLES Á ESTRATEXIA

O 7 de agosto de 2024 asináronse os convenios de colaboración, entre a Axencia e os grupos de desenvolvemento rural (en adiante, os GDR), para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local participativo na intervención Leader de Galicia, cofinanciada co Feader no marco do PEPAC 2023-2027.

A cláusula *Décima.- Medios materiais e persoais* dos convenios, no seu apartado 3 di o seguinte:

3. As características dos postos de traballo que poida contratar o GDR serán as seguintes:

- *Xerente ou máximo responsable técnico da estratexia. Titulación mínima: grao ou título universitario equivalente. Salario bruto máximo imputable á estratexia: 41.000,00 €/ano.*
- *Técnico. Titulación mínima: grao ou título universitario equivalente. Salario bruto máximo imputable á estratexia: 33.500,00 €/ano.*
- *Administrativo. Titulación mínima: bacharel ou equivalente para efectos académicos / FP I. Salario bruto máximo imputable á estratexia: 24.500,00 €/ano.*

**AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





O apartado 8 da mesma cláusula di:

8. Os salarios brutos máximos imputables á estratexia poderán ser actualizados anualmente en función da variación da:

- *Incremento que corresponda por antigüidade, segundo o convenio aplicable no ámbito laboral.*
- *Revalorización en función do incremento anual que sexa de aplicación aos empregados públicos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.*

En relación aos salarios brutos máximos dos equipos técnicos dos GDR imputables á estratexia, aplicaranse as seguintes regras:

1. Ata o 31 de decembro de 2024, os citados salarios brutos máximos son os sinalados no apartado 3 da cláusula décima dos convenios e han de considerarse incluídos neles todos os conceptos salariais (salario base, complementos, antigüidade...).
2. Os salarios brutos máximos de que se trata poderán actualizarse anualmente, a partir do 1 de xaneiro de 2025, tendo en conta a variación do incremento que corresponda pola antigüidade xerada, segundo o convenio aplicable no ámbito laboral, e máis o incremento anual aplicable aos empregados públicos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. APLICACIÓN DE CUSTES SIMPLIFICADOS PARA AS ACTUACIÓNS DE XESTIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA ESTRATEXIA

Os convenios de colaboración asinados o 7 de agosto de 2024, entre a Axencia e os GDR, indican no apartado 4 da Cláusula *Décimo Terceira.- Disposicións específicas para as actuacións de xestión, seguimento e avaliación da estratexia*, o seguinte: *En liña co disposto no artigo 56.1 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021, aplicarase a modalidade de financiamento a tipo fixo dos custes subvencionables distintos aos custes directos de persoal. En concreto, dispónse que ata o 40% dos custes directos de persoal que o GDR impute cada ano financiarán directamente o resto de custes subvencionables aos que se refire este artigo, sen necesidade de xustificación documental ante a Axencia (...).*

O Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns aos fondos europeos, regula, no seu artigo 56, apartado 1, a financiación a tipo fixo dos custes subvencionables distintos dos custes de persoal, como segue:

"1. Para cubrir os custes subvencionables restantes dunha operación, poderase utilizar un tipo fixo de ata o 40% dos custes directos de persoal subvencionables".

En relación á aplicación dos custes simplificados para as actuacións de xestión, seguimento e avaliación da estratexia, aplicaranse as seguintes regras:

1. Seguindo o indicado na comunicación da Comisión C/2024/7467 do 20 de decembro de 2024, Directrices sobre o uso de opcións de custes simplificados nos Fondos contemplados no Regulamento (UE) 2021/1060, procedeuse á definición das categorías de custes seguintes,





tendo en conta os custes subvencionables definidos no punto 2 da cláusula décimo terceira do convenio asinado o 7 de agosto de 2024, entre a Axencia e os GDR:

- a. CUSTES DIRECTOS DE PERSOAL: Consisten no soldo neto do equipo xestor do GDR, nas correspondentes retencións do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e nas cotizacións á Seguridade Social do GDR e do seu equipo xestor.
- b. CUSTES INDIRECTOS: Consisten nos subministros exteriores, entendendo por tales as seguintes partidas:
 - i. Subministracións exteriores.
 - ii. Material funxible.
 - iii. Gastos relativos á sede do GDR (aluguer, acondicionamento, equipamento, gastos correntes en auga, electricidade, internet, etc.).
- c. CUSTES DIRECTOS DISTINTOS AOS DE PERSOAL: Correspóndense co resto de gastos de xestión, seguimento e avaliación da estratexia, non incluídos nas categorías anteriores:
 - i. Gastos de asistencia á xestión en aspectos puntuais necesarios para a correcta aplicación da estratexia.
 - ii. Compra ou aluguer de equipamentos, material informático, vía telemática e de reprografía, material de oficina e similar.
 - iii. Gastos vinculados ao traballo en rede.
 - iv. Gastos referidos á constitución de pólizas que sexan necesarios para a tramitación e concesión correspondentes á axuda pública destinados aos gastos correntes e de animación do GDR.
 - v. Gastos correspondentes a actividades formativas do equipo xestor do GDR.
 - vi. Gastos relacionados con estudos e consultarías relacionados directamente coas actuacións de cooperación.
 - vii. Gastos derivados do aluguer de instalacións, equipamentos ou "renting" dun vehículo do GDR, para a realización de desprazamentos relacionados coas funcións propias do GDR por parte dos membros do equipo xestor.
 - viii. Outros gastos necesarios para realizar as funcións que lle corresponden como entidade colaboradora da Axencia, tales como os gastos de representación institucional ata un importe máximo de 1.500 euros por ano, axudas de custo e desprazamento ou gastos asociados ás reunións dos órganos de decisión do GDR.

2. Tras valorar a Axencia os gastos imputados polos GDR á submedida 19.4.A do PDR de Galicia 2014-2020, estímase que o tipo fixo a aplicar sobre os custes directos de persoal para cubrir os custes subvencionables restantes para as actuacións de xestión, seguimento e avaliación da estratexia sexa do 30%, hasta o límite do orzamento que cada GDR teña autorizado en cada anualidade para gastos de xestión, seguimento e avaliación da estratexia.





3. A Axencia pagará os gastos correspondentes á xestión, seguimento e avaliación da estratexia, segundo o indicado no punto 5 da cláusula décimo terceira do convenio de colaboración asinado o 7 de agosto de 2024 entre a Axencia e os GDR para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local participativo na intervención Leader de Galicia. Concretamente pagará aos GDR os gastos directos en persoal correctamente xustificadas de cada unha das solicitudes de pagamento presentadas e, en concepto de gastos polo resto dos custes subvencionables, o 30% deses gastos directos en persoal.
4. O GDR deberá dedicar o 100% da axuda que reciba para as actuacións de xestión, seguimento e avaliación da estratexia, á Intervención 7119 Leader. En relación a este aspecto presentárase un certificado da persoa representante legal da entidade no que se acredite que a axuda se destinou á dita finalidade.

Todo isto sen prexuízo de que o GDR deba cumprir coa normativa contable, fiscal, laboral e calquera outra que lle sexa de aplicación (lei de contratos, lei de asociacións,...).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A directora xeral da Axencia
M^a Paz Rodríguez Rivera

